

Que continúe Don Hamlet

Un non anda moi metido nas cousas do teatro, ben é certo. E non por falta de interese, senón de tempo. Un reconece que temos no País moi boa xente do medio que ha saber bastante máis do que un pode matinar. Pero non por iso lle será negado a un o dereito a emitir a súa opinión e a expoñer as súas dúbidas, aínda que non sexa máis que pola condición que ten de contribuínte.

Un é lector de xornais e ten dúas orellas minimamente parabólicas que algo recollen do que anda no ar. E deste xeito un puido ler nestes días pasados que o Centro Dramático Galego non dá programado nada, a pesar (¿ou a causa?) de estar agora amparado por unha institución como é o (¡vaia!, pola flamancia e rimbombancia do nome que non quede) Instituto Galego das Artes Escénicas e da Música. Un quixera saber humildemente qué cousa é ese IGAEM que tan ben soa e qué cousas leva a cabo.

Doutra banda, quizais do ventado Elsinor e por se non abondasen as críticas favorables que un leu en múltiples publicacións, chegan noticias e mormurios (sen nadiña de barullo semántico na canle) de que a última posta en escena do Don Hamlet de Cunqueiro, malia non ter sido moi agarimada e protexida polas instancias responsábeis da súa promoción e publicidade, foi un grande éxito alí por onde pasou, incluídas as táboas da escena lusitana.

Pero, polo que parece, rematou o tempo comprometido para o programa de representacións o día 31 de decembro e, tamén polo que parece, non se renova ese programa cunha *tournee* que poida amosar ao mundo a marabilla, senón que se desmonta o estaribel de 80.000.000 (oitenta millóns de pesetas) tan magníficamente conseguido por algúns dos nosos mellores artistas e escenógrafos, e *si te he visto no me acuerdo*.

Entón un pregúntase: se estamos diante dun éxito indubidábel; se a posta en escena dunha obra pola que moitos non apostaban nada, dadas as súas dificultades intrínsecas e falta aparente de teatralidade, resulta, non só viábel, senón exitosa e exportábel; se o contribuínte pagou tantos millóns de pesetas para que a nosa magnífica xente da legoa puidese ofrecernos un produto digno; se, de momento, non hai alternativa para continuar a programación, entón, ¿por que non se programa unha nova xira por novos eidos e mesmo polos escenarios onde deixou sabor a pouco?

Un comprende que non é doado organizar, programar, aglutinar medios e persoas, dun xeito responsábel e rigoroso nun medio a miúdo tan cheo de suspicacias, de sacrificios e de feridas sen cicatrizar como é o mundo do teatro. Un comprende, e díxose sen ningún tipo de moqueo, que se necesita tempo para poder ofrecer ao final algo presentábel e, neste caso, representábel.

Pero, mentresmentres, ¿non dá mágoa ver un estaribel arrumbado nun soto, agrilloando e acalando as voces dos personaxes que pulan por dicir as palabras do noso Cunqueiro e por seguir vivindo na escena por algún tempo?

Un ben quixera, por exemplo, poder ver, outra vez, no Teatro Principal de Compostela, o que se viu o día da estrea, suponse que agora mellorado pola experiencia adquirida. O curioso é que un oíu dicir que, por parte do Concello, non habería problema para programar un mes máis. Polo tanto, mentres se dubida que facer, ¿que mellor que repoñer o Don Hamlet, señor da dúbida?, opina un.

14-xaneiro-1992.